

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL E A FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS DE DÉFICIT DE ATENCIÓN E HIPERACTIVIDADE (FEGADAH).**

En Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2019

### **REUNIDAS**

Dunha parte, Dona **CARMEN POMAR TOJO**, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (en diante a consellería), que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 96/2018, do 26 de setembro, e no uso das atribucións que lle confire o DECRETO 106/2018, do 4 de outubro, que modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estructura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, e do establecido no Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Da outra, Dona **MONTSERRAT ÁLVAREZ RODRÍGUEZ**, con DNI 36125101-J, presidenta da Federación Galega de Asociacións de Déficit de Atención e Hiperractividade (en adiante FEGADAH), con NIF G941128469 e domicilio na rúa Rosalía de Castro, nº 36 (Pontevedra); inscrita no Rexistro de asociacións co número 2015/000244.

### **EXPOÑEN**

1. Que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto

138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

2. Que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que exixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Neste sentido, tanto na normativa educativa estatal, impulsada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, como no desenvolvemento curricular estatal e da Comunidade Autónoma de Galicia, faise explícita a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, entre o que se sitúa o alumnado con TDAH.

3. Que FEGADAH é unha entidade sen ánimo de lucro que ten entre os seus principais fins e obxectivos os seguintes:

- a) Contribuír á mellora dun ensino que entenda a importancia da atención á diversidade do alumnado dentro dos centros docentes, tendo en conta a todo o alumnado.
- b) Colaborar na formación dunha escola inclusiva gratuíta, que potencie o desenvolvemento da personalidade de cada un dos seus alumnos e alumnas.
- c) Participar e promover todo tipo de xornadas, cursos, seminarios ou calquera actividade formativa dentro do ámbito profesional e social relacionado coa diversidade.
- d) Colaborar con todas aquelas institucións, públicas e privadas, que busquen a consecución de obxectivos comúns aos desta Federación.

4. Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con

atribucións na prevención, detección temprana e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comunes de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de buenas prácticas”.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con TDAH.

En consecuencia, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Federación Galega de Asociacións de Déficit de Atención e Hiperactividade (FEGADAH) acordan subscribir este convenio conforme as seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira. Obxecto do convenio**

O convenio ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e FEGADAH nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con TDAH.

### **Segunda. Persoas beneficiarias**

As persoas beneficiarias da colaboración prevista neste convenio serán o alumnado con TDAH de todas as etapas e niveis regulados pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, e da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, escolarizado en centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, o profesorado e as familias dese alumnado.

### **Terceira. Desenvolvemento da colaboración**

1. A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional promoverá na formación permanente do profesorado, que desenvolve por medio das estruturas de formación e nas distintas modalidades formativas, a colaboración da FEGADAH nas accións relativas á atención á diversidade e á formación do profesorado que atende ao alumnado con TDAH.

2. A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e FEGADAH colaborarán na sensibilización e na difusión de materiais e documentos que permitan un maior coñecemento das circunstancias específicas asociadas ao alumnado con TDAH.

3. A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional facilitará a colaboración do persoal profesional da FEGADAH nos centros docentes dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional con escolarización de alumnado con TDAH. A solicitude de colaboración do persoal profesional da FEGADAH debe realizarse por parte do centro docente, e as liñas xerais desa colaboración poderán ser:

a) *Asesoramento na atención educativa ao alumnado con TDAH escolarizado nos centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, así como aos centros que escolaricen este alumnado, ao seu profesorado e ás súas familias.*

b) *Propoñer actuacións de carácter preventivo e concretas, que poderán ser levadas a cabo polo equipo docente do centro educativo, dirixidas ao alumnado con TDAH.*

c) *Colaboración na orientación sobre metodoloxías axeitadas dirixidas á intervención educativa do alumnado con TDAH.*

d) *Información e formación naqueles aspectos que o persoal dos centros docentes requira en relación co tratamento educativo do alumnado con TDAH.*

#### Cuarta. Características da colaboración do persoal da FEGADAH nos centros docentes

1. Tendo en conta os termos xerais referidos na cláusula anterior e o principio de autonomía pedagógica, organizativa e de xestión dos centros docentes, o director ou a directora de cada centro, o persoal especialista da FEGADAH e as familias do alumnado con TDAH, establecerán de mutuo acordo os termos concretos desa colaboración. Eses termos deben formar parte das medidas de atención á diversidade previstas no Plan Xeral de Atención á Diversidade, das normas de organización, funcionamento e convivencia e/ou das correspondentes programacións xerais anuais de cada centro.

2. O profesorado titor ou, se é o caso, profesorado designado pola dirección do centro será o responsable de coordinar as posibles actuacións concretas das persoas especialistas da FEGADAH en cada un dos casos e de manter informada a cada unha das familias.

3. As actuacións do persoal especialista da FEGADAH nos centros docentes, entenderanse dentro do principio de colaboración entre todas as persoas que atenden a un mesmo alumno ou alumna e coa finalidade de facilitarlle unha atención educativa inclusiva e axustada á súa particular forma de ser e de aprender. Este persoal deberá reunir a formación profesional e técnica adecuada que se require para atender o alumnado con TDAH; ter cumprida a obriga imposta polo artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor (LOPXM), introducido pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia; ter regularizada a súa situación laboral coa FEGADAH e respectar os principios de autonomía organizativa de cada centro docente, así como o seu proxecto educativo.

#### **Quinta. Financiamento**

Este convenio non leva consigo aparelladas obrigas económicas para ningunha das partes.

#### **Sexta. Relacións laborais**

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da FEGADAH e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

#### **Sétima. Comisión de seguimento**

1. Para a coordinación e desenvolvemento deste convenio constituirase unha comisión mixta, formada por catro persoas. Cada unha das partes designará dúas, correspondendo a presidencia e a secretaría da comisión ás persoas representantes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

2. A comisión reunirase, con carácter ordinario, unha vez cada curso escolar. A reunión terá lugar no primeiro trimestre do curso, logo da convocatoria realizada pola presidencia da comisión, e sempre que unha das partes o solicite.

3. Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:

a) Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.

- b) Analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.
- c) Elaborar unha ficha de seguimento anual do convenio sobre o funcionamiento do mesmo.
- d) Difundir e promover o convenio asinado entre ambas as partes.

#### **Oitava. Interpretación do convenio**

Segundo o artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as relacións xurídicas, os negocios e os contratos excluídos do ámbito desta lei rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios da mesma para resolver as dúbihdas e lagoas que se puidesen presentar.

Así pois, as dúbihdas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio, que ten carácter administrativo, serán resoltas pola comisión mixta. En caso de discrepancias, a súa interpretación, cumprimento e execución corresponderá aos tribunais contencioso-administrativos, tralo esgotamento da vía administrativa.

#### **Novena. Protección de datos e confidencialidade**

Ambas as partes comprométense a cumplir as obrigas que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

#### **Décima. Transparencia**

As partes asinantes deberán cumplir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

**Undécima. Vixencia**

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e terá duración ata o remate do curso académico 2019/20, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscrpción do oportuno acordo de modificación.

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a vixencia máxima do convenio non poderá superar 4 cursos escolares.

Lido o convenio no lugar e data indicados no encabezamento, atópano conforme, polo que o asinan en triplicado exemplar.

POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL,	POLA FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS DE DÉFICIT DE ATENCIÓN E HIPERACTIVIDADE (FEGADAH)
A CONSELLEIRA,  	A PRESIDENTA,
Carmen Pomar Tojo	Montserrat Álvarez Rodríguez